

SEÑORAS E SEÑORES:

Sei, ó me atopar aquí, que estou ante homes e mulleres esencialmente nobles e xenerosos, froito da intelixencia, do traballo e da sensibilidade, fundamente preocupados polo porvir da nosa terra e das nosas xentes.

Sei, tamén, que ó facermos memoria de Castelao estamos a facer expresión dunha vontade exemplar.

En Castelao recollémo-la herdanza dos nosos devanceiros: As angurias e mailas ledicias, os horizontes abertos e mailas longas noites de pedra, os soños dos que soñaron e loitaron...

Todo iso recollemos hoxe aquí e nós non temos outra honra que a de dar fe -ó reconece-lo labor de Castelao- dunha crenza, dunha idea, do patrimonio activo e vivo do noso pobo e da Historia nosa.

Porque Castelao pertence a esa constelación de intelectuais e artistas que, en determinados e decisivos intreos, souberon erixírense na conciencia política de Galicia.

Gracias a todos eles, en grande medida, Galicia e mailo pobo galego ten conciencia de si mesma, hoxe, cunha intensidade que, ata hai pouco tempo, era ben insospitada.

Por todo iso, Castelao é unha figura que sobrancea na nosa memoria, unha figura que soubo entalla-lo seu espírito no cerne mesmo da terra galega.

O seu nome resona con transcendencia no percorrer da máis pura espiritualidade e, ó longo da súa obra, descúbrense decote unha fonda e fortísima emoción galega.

E, pois, un grande acerto a celebración destas xornadas, en tanto que a lembranza de Castelao -cando andamos a celebra-lo ano do seu centenario- achéganos ó recordo dos anceios e do camiño, longo camiño, que Galicia tivo que facer e refacer para lle estreita-la man ó porvir da nosa Comunidade.

Na memoria, pois, de Castelao, estamos a recuperar unha parte sustancial da propia memoria colectiva da nosa terra.

A súa figura é, debe ser, xa que logo, un símbolo da esperanza aberta de todos nós no futuro da galegitude.

En todo caso, cando utilizámo-la palabra "símbolo", facémolo coa convicción de que os símbolos non son, non poden ser, produto dunha libre ensoñación na que se poidan dar curso ás pantasías individuais ou á fraxilidade da circunstancia.

Pola contra, dos símbolos extraemos dos tempos da Patria o que foi froito doutros tempos, e poñémonos en pe ó seu redor para sermos, todos xuntos, testemuñas vivas da nosa historia e das nosas aspiracións.

A figura de Castelao, en fin, ven a nos amosar que os símbolos dun pobo son, deben ser, unha chamada á superación das divisións, unha chamada á unidade do traballo común e unha chamada, en suma, á irmandade.

El, nunha fermosa frase, soubo expresar con claridade a grande idea da unión de tódolos galegos: "Non lle poñades chatas á obra mentres non está rematada. O que pense que vai mal, que traballe nela; hai sitio para todos".

Queda inaugurado o Congreso Castelao.

XERARDO FERNANDEZ ALBOR
Presidente da Xunta de Galicia